

## Métrica e narración en “A Virxe do Cristal”, de Manuel Curros Enríquez

*Xosé María Paz Gago*

O poema “A Virxe do Cristal” é dunha grande importancia non só na obra poética de Manuel Curros Enríquez senón en toda a historia da literatura galega.

Dunha parte, foi este poema o que converteu a Curros nun poeta galego, un dos piares do Rexurdimento e, polo mesmo, da consolidación definitiva da literatura e da lingua galegas, tanto polo conxunto da súa obra poética como polo seu labor de promotor principal da Academia Galega.

É ben coñecida a orixe puramente circunstancial de “A Virxe do Cristal”: o Certame poético convocado por Modesto Fernández en Ourense, no ano 1877. Parece bastante evidente que o promotor organizou o concurso expresamente para o seu protexido cando o poeta celanovés estaba nunha delicada situación económica e persoal en Madrid, despois de ter deixado o seu traballo na redacción de *El Imparcial*.

Segundo a convocatoria publicada en *El Heraldo Gallego* (tomo 4, p. 5) os concursantes tiñan que cantar un costume, unha tradición e un tipo de Galicia de entre os tres que foron propostos. Se os costumes e os tipos eran comúns a toda a xeografía galega -a vendima, a voda e a Noiteboa; o gaiteiro, o santeiro e a sabia adiviñadora- as tradicións propostas tiñan un sabor fortemente local: Allariz, Arzúa e Vilanova dos Infantes (ou das Infantas, como demostra Carballo Calero), precisamente a aldea materna de Curros. Tratábase da tradición da Virxe do Cristal, ben coñecida do escritor celanovés e que xa fora materia da súa creación literaria en *El Maestro de Santiago*, obra publicada no ano 1874. A cousa é o máis parecido a un premio literario “de encargo” -coma tantos que hoxe en día se convocan- e de feito Curros sentiuse na obriga de axuntar -en nota incluída na primeira edición de *Aires da Miña Terra*- unha longa explicación sobre as circunstancias da composición do poema, apuntando dúas razóns en relación co certame ourensán. A primeira causa de ter concursado sería o feito de atoparse, por pura casualidade, o programa onde se anunciaba o Concurso, “percorrendo un día os papés da terra”. O mesmo tempo, unha carta da familia chegada moi oportunamente acúsao de ter esquecida a súa terra e invitao -desafíao, diríase máis exactamente- a presentarse ó certame para demostrar a falsidade de tan dolorosa acusación. Deste xeito, foron o amor propio e o amor a Galicia os motivos que o

impulsaron a redactar os tres poemas cos que concorreu o Premio convocado con ocasión da onomástica do seu mecenas e amigo Modesto Fernández e González.

Se as dúas circunstancias casuais -atopar a convocatoria e a carta da familia ó mesmo tempo- parécenme unha coincidencia sospeitosa de máis, Carlos Casares<sup>1</sup> calificaas de “excepcionais”, afirmando que a explicación é meramente retórica.

Dános toda a impresión de que o certame foi organizado por don Modesto para Curros que o gañou con toda a xustiza e con méritos sobrados. O poeta celanovés preparou a conciencia as súas composicións e moi particularmente aquela na que cantou a lenda tantas veces escoitada na súa infancia, a lenda da Virxe do Cristal. Deste xeito, tamén parece retórica a declaración incluída na nota explicativa sobre as “oito noites” que dedicou a escribir os poemas, dunha grande perfección métrica e narrativa.

Nesa nota chea de valor crítico e biográfico, Curros reférese moi particularmente as motivacións concretas que o levaron a versificar a lenda da Virxe da súa aldea: a lembranza da súa nai, o inmenso pracer que experimentaría ó ver escrita a historia da aparición do cristalíño prodixioso que ela tantas veces lle referira de neno. Segundo o propio autor, foi esta lembranza agarimosa a que o decidiu a compor o poema superando certas dificultades: prazo de tempo que debeu ser axustado, temática costumista lonxana das súas preocupacións sociais e políticas progresistas e a falta de hábito no manexo do idioma galego. É esa a dificultade maior que o poeta tivo que superar con ocasión do Certame da cidade das Burgas converténdose nunha das grandes figuras da literatura galega. Efectivamente, ata entón, a obra de Curros era unha obra escrita esencialmente en castelán. Ademais de *El Maestro de Santiago*, tiña escritos varios poemas na lingua de Castela - “Homenaje a la poetisa gallega Emilia Calé”, “A una amiga”, “Sobre el abismo” e “Ante la estatua de Feijóo”- aínda que se trata de composicións redactadas para seren lidas na Sociedade Galicia Literaria, non foron escritas no idioma da Galicia<sup>2</sup>.

En 1877, soamente tiña escritos seis poemas en galego: “Cantiga” (1869), “Ben chegado” (1873), “A fouce do abó”, “A primaveira” e “A nena da fonte”, os tres de 1874 e, por último, “Muiñeira monorrítmica” (1876). Curros non estaba decidido a facer uso, na súa obra de creación, dunha lingua aínda non fixada nin coloquial nin literariamente (a “lengua enxebre” como a chama el) e que non coñece suficientemente. De feito, na célebre nota, Curros quéixase de ser un “daqueles que se viron privados de cultivar dende a infancia a doce lingua nativa” (p. 166). Por todas estas razóns, Carballo Calero afirma con toda convicción que foi o triunfo no certame ourensán o feito decisivo que “determinou a Curros como poeta galego”<sup>3</sup>.

A transcendencia de “A Virxe do Cristal” vén de ter sido o primeiro poema narrativo extenso da literatura galega, feito do que foi ben consciente o propio Curros cando declara “haber sido esta obríña a primeira do seu xénero que na nosa lingua foi escrita”.

1. Vid. *Curros Enríquez*, Vigo: Galaxia, 1980, p. 35.

2. *Ibid*, p.34.

3. *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1981<sup>3</sup>, p. 348.

Aínda que xa Rosalía tiña ensaiada a forma poético-narrativa nos *Cantares Gallegos*, foi o poeta celanovense o primeiro en adoptar os moldes métricos e formais usados por Zorrilla para poetizar lendas folclóricas. Curros adaptará a fórmula romántica zorrillesca para narrar unha historia rural e popular tipicamente galega, facendo uso dunha lingua poética tamén popular que ten como base lingüística a fala de Celanova e como rasgo específico e intencional, en perfecta conexión co a base escollida, un marcado enxebriismo. Nisto radica a enorme importancia do poema premiado en Ourense para toda a literatura galega: na innovación creativa que fixo del a primeira poesía narrativa extensa das nosas letras.

Por outra parte, Curros superou en modernidade o seu admirado modelo vallisoleitano: se Zorrilla e un Romántico, Curros e xa un Postromántico posto que versificou a lenda da Virxe do Cristal configurando un mundo poético esencialmente realista, no que o narrador fai referencia ó mundo cotián dunha aldea galega da segunda metade do século dezanove. No momento en que a modernidade literaria abre os camiños novísimos do realismo e da fantasticidade, Curros configura un universo realista que describe con detalle como espacio para unha historia sentimental e unha historia piadosa arredor dun prodixio sobrenatural que se ben produce unha incerteza nun primeiro momento, acaba por integrarse naturalmente na lóxica cristiá do mundo rural galego. de entón.

Non existe, como pensara Carballo Calero, un desequilibrio entre o “enfoque naturalista”, o tratamento realista e o feito sobrenatural; como tampouco ten razón Richard Cardwell cando afirma que o poema está composto “dunha mestura de elementos populares, fantásticos e míticos”<sup>4</sup>. A orixinalidade e modernidade do poema de Curros estriban precisamente na integración do prodixio nun marco espacio-temporal realista: no mundo católico a que o narrador se refire, un miragre da Virxe produce asombro pero termina resultando perfectamente aceptable e non contradí a lóxica dese mundo, tanto o núcleo temático como o seu tratamento narrativo e ficcional son igualmente realistas, resultando o texto poético ficcionalmente homoxéneo e coherente. Neste rasgo estribaría, para Carballo o “feitizo” do poema de Curros, quen, “no tratamento dos personaxes e a acción, non buscou, como Zorrilla, a idealización do pasado, a evasión cara un tempo mais belo, senón que achegou o pasado ó presente e, despreocupándose da propiedade histórica, presenta ós seus heroes como campesiños do século XIX, ó xeito realista”<sup>5</sup>.

O enunciador de *A Virxe do Cristal* é un narrador que organiza textualmente a historia de Rosiña e Martiño nun relato metrificado, configurando a intriga global do poema que se pode sintetizar na macrosecuencia típica das historias sentimentais:

- F1 Amor (desde os primeiros capítulos, Rosiña e Martiño quedan noivos (Cap. II, vs. 57-58)).
- F2 Obstáculo (circunstancias que se opoñen á realización do amor entre os dous rapaces).
- F3 Desenlace: Fracaso e Morte dos namorados.

4. “A significación de *Aires da miña terra* no contexto da literatura española finisecular”, *Boletín Galego de Literatura*, 3, 1990, pp. 7-18.

Como característica propia das historias sentimentais, a intriga vaise complicar no interior da segunda función, o obstáculo, manifestado por unha serie de accións e acontecementos que constituirán a oposición a consumación do amor dos noivos no matrimonio.

O máis interesante de *A Virxe do Cristal* é a integración sorprendente das estruturas métrica e narrativa, as cales entran nunha relación de paralelismo que deixa ver a perfección formal e semántica do texto.

Existe unha opinión xeneralizada segundo a cal Curros non foi orixinal na súa técnica métrica e non deixou a súa impronta persoal na versificación romántica da que se serviu. Sen dúbida este tópico persistentemente reiterado pola crítica débese a os excelentes traballos de Carballo Calero, e especialmente ós que consagrou ó poeta celanovés na súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea*. Nesta obra, o insigne polígrafo afirma que Curros non chegou á orixinalidade métrica de Rosalía nin á maturidade de Pondal, sen deixar de poñer de relevo, ó mesmo tempo, a habilidade versificadora e a rica variedade estrófica do poeta de Celanova.

Versificador hábil e mestre do ritmo e da rima, Curros foi tan innovador como Rosalía na arte métrica renovada xa polo romanticismo, no que introduce novas combinacións estróficas, e facendo un uso prodixioso da rima consonántica que non igualaron nin a poetisa compostelana nin o escritor de Ponteceso. Aínda que Curros recorra ós esquemas métricos habituais na época, adáptaos orixinalmente á poesía galega, innovando as combinacións rimáticas e rítmicas cando, por exemplo, combina ritmos populares, como o da muiñeira, caracterizado pola irregularidade dos metros e dos acentos, con ritmos cultos baseados no cómputo silábico regular e convencional.

Un estudio á vez métrico e narratolóxico do poema *A Virxe do Cristal* pon de manifesto a riqueza e a orixinalidade da estrutura narrativa e da técnica métrica, nela intencionalmente integrada, de Manuel Curros Enríquez.

O autor poetiza un tema folklórico do seu lar: a aparición milagrosa da imaxe da Virxe no interior dun cristal de rocha natural, na metade do século dezasete. O feito prodixioso ten unha base histórica documentada polo Padre Juan de Villafañe no seu *Compendio Histórico de las Imágenes de Nuestra Señora en España*: cara a 1650, un labrego que traballaba o seu campo encontrou, despois dunha saraibada, unha figura da Nai de Deus pintada bidimensionalmente no interior dun cristaliño de rocha natural de cinco por tres centímetros. O labrego deixaríao no chan, de onde o recollería unha rapaza que llo entregou ó crego. A celebración desta aparición mariana, datada o 25 de marzo, chegaría ata a corte do Rei Felipe IV, onde foi declarado oficialmente miragre.

O feito foi pasando de boca en boca ata se converter nunha lenda local transmitida en cantos populares e relixiosos por toda a comarca de Celanova. Carballo Calero tiña falado da necesidade de facer “un bo estudo das fontes tradicionais de *A Virxe do Cristal*, que nos permitiría enxergar en qué medida tivo que encher Curros as

---

5. “Curros e Zorrilla”, Conferencia inédita, Pontevedra: Universidad Internacional Menéndez y Pelayo, Resumo en *Grial*, 74, 1981, p. 528.

lagoas con que chegou a el o relato do maravilloso acontecemento''. Trátase sen dúbida dun problema de intertextualidade moi complexo: Curros recolle os textos orais que coñecía da boca da súa nai e doutras persoas ás que llos escoitara de neno, ademais dos cantos relixiosos usados nas cerimoniais coas que se celebraba a festa da Virxe (6); non é probable que, ademais, consultase outras fontes documentais sobre a lenda, como supón Carballo, posto que o poeta non tivo moito tempo para redactar a composición e nela predominan os elementos puramente ficticios que configuran a intriga sentimental. Eu creo ter atopado un intertexto de natureza relixiosa e documental que ben puidese ser o que o poeta utilizou como material de base para a súa composición. Trátase dun folletino publicado polo bispado de Ourense nos mesmos anos en que foi convocado o certame poético (conservamos a edición de 1878), intitulado *Novena de Nuestra Señora del Cristal en la Parroquia de Vilanova d'os Infantes* e no que se inclúen estrofas de homenaxe á Virxe como os "Gozos para cantar en la Novena de nuestra Señora del Cristal", reproducíndose ademais o informe do pai Villafañe, "Historia de la aparición del Cristal que encierra la imagen de Nuestra Señora la Virgen María".

De tódolos xeitos, unha vez escrito e premiado, o poema narrativo mestrouse cos elementos folclóricos e documentais que nel mesmo fosen explotados fixando unha versión renovada da tradición popular. Deste xeito, o problema intertextual faise irresoluble e, como afirma Carballo, "hoxe e difícil determinar os límites entre a materia preexistente, e o desenrolo literario". O que parece evidente é que o narrador ficcionaliza a base histórica e os seus desenvolvementos lendarios con toda liberdade para construír unha intriga narrativa sólida seguindo o esquema estrutural típico das historias sentimentais. Este proceso de ficcionalización, xunto cunha estrutura métrica complexa e traballada, darán lugar o primeiro grande poema narrativo das letras galegas.

É na macrofunción obstáculo na que se inxeren unha serie de secuencias que constituirán o desenvolvemento da intriga. A primeira secuencia é a da ruptura entre os noivos:

- F1a. Harmonía (entre os dous rapaces)
- F2a. Acusación (Martíño acusa a Rosiña de infidelidade).
- F3a Ruptura (das relacións entre os noivos).

Se o poema se abre cunha serie introductiva de oitavas reais, estrofa propia das grandes composicións narrativas de carácter culto, desde o primeiro capítulo, entrando xa nas accións nucleares que conforman a intriga, pásase á forma métrica do romance, típica da poesía narrativa popular. Nesta primeira secuencia da ruptura, e precisamente na súa función culminativa (F3), redúcese aínda a medida do verso: en lugar de oitosílabos, temos un romancillo en hexasílabos, metro moi curto que intensifica a musicalidade do diálogo entre Martíño e Rosiña integrando o ritmo de tempos fortes propio da muiñeira co ritmo isosilábico dos hexasílabos.

Na nova secuencia encadeada coa anterior:

- F1b Situación de ruptura
- F2b Tristeza de Rosiña
- F3b Aparición da Virxe (en soños, a Rosiña).

O narrador describe a situación anímica da rapaza, moi contristada, recorrendo de novo ós versos de arte maior -alexandrinos de tipo zorrillesco agrupados en serventesios coa rima ortodoxa ABAB- mellor adaptados a un contido psicolóxico que parece esixir un ton máis solemne.

A innovación métrica máis audaz chega tamén esta vez na función-desenlace (F3b). Para narrar a aparición da Virxe en soños á contristada Rosiña, o poeta fai uso dunha primeira serie de oitavas de grande orixinalidade: trátase de oitavas de arte menor italianas nas que o cuarto e o último versos son agudos, e nas que a distribución rimática peculiar (a,b,b,c,d,e,e,c) recorda a rima da Copla de arte maior ou Copla de Juan de Mena (A,B,B,A,A,C,C,A) da que se diferenciaría por deixar soltos os oitosílabos centrais. Se a Copla de arte maior conta cunha estrutura estrófica perfectamente pechada facendo rimar o primeiro, o último e os dous versos centrais, esta copliña de Curros recorre a coincidencia rimática dos versos cuarto e octavo. A oitava de Juan de Mena, moi axeitada para a grande poesía narrativa, foi adaptada polo poeta celanovés para a poesía popular galega mediante esta creación dunha orixinal copla aguda de arte menor.

Dúas secuencias enlazadas integran os elementos nucleares da lenda local a partir dos cales o autor constrúe a intriga de A Virxe do Cristal:

- F1c. Encontro (Martíño encontra o cristaliño da Virxe)
- F2c. Ocultación (Decide non dar conta do seu descubrimento)
- F3c. Desenlace incumplido
- F1d. Encontro (Rosiña encontra o cristaliño da Virxe)
- F2d. Anuncio (do encontro)
- F3d. Celebración (celebrase solemnemente o prodixio).

É precisamente nestas secuencias onde o intertexto citado aporta as funcións nucleares que resultan ficcionalizadas nos seus revestimentos semánticos e actanciais: o labrego que atopa o cristal, deixándoo no chan, está representado por Martíño, quen tería unha relación sentimental con Rosiña, personaxe da ficción poética que se correspondería coa pastora que presenta ó crego o cristal da Virxe.

Neste núcleo da trama folclórica, o poeta ensaia outras fórmulas de oitavas moi audaces, xogando co axe rítmico dos heptasílabos: as novas “coplillas italianas” caracterízanse por ter tódolos versos impares esdrúxulos e o cuarto e o oitavo agudos. Tamén a rima é moi peculiar (a,b,c,d,e,b,f,d) correspondéndose os heptasílabos agudos (cuarto e oitavo) e os graves (segundo e sexto) mentres que os esdrúxulos quedan soltos.

Para a descripción da Virxe retoma o primeiro tipo de copla cunha rima semellante as de arte maior, de grande tradición na poética galaico-castelá. Nestas oitavas de gran densidade semántica Curros explota habilisimamente unha serie de factores rítmicos, como os paralelismos morfosintácticos, lexicosemánticos e fónicos: anáforas, políptotos e todo tipo de recorrencias.

Na función nuclear culminante (F1d), o encontro do cristaliño por Rosiña, fai uso de sextetos da maior orixinalidade: nunha primeira serie integra catro versos

dodecasílabos con ritmo de seguidilla nos que se intercalan dous pentasílabos agudos, a modo de pé quebrado, no terceiro e no sexto versos. A rima é aconsonantada relacionando os dous pares de dodecasílabos e os dous pentasílabos (A,A,b,C,C,b).

Aínda que os remates en pé quebrado son frecuentes nos ensaios métricos de Bécquer ou Rosalía, a solución proposta por Curros non deixa de ter unha personalidade e unha orixinalidade indiscutibles: a segunda serie de sextetos, por exemplo, contén unha rima interna que Carballo non dubida en considerar como mostra de “virtuosismo métrico”.

Nesta pasaxe descriptiva, de grande funcionalidade na estrutura narrativa, os catro versos de arte maior son alexandrinos de ritmo iámbico divididos en dous hemistiquios, dos que os primeiros exhiben unha rima interna coa seguinte distribución: o primeiro hemistiquio rima co segundo do segundo verso e o segundo do primeiro co primer hemistiquio do segundo verso. Os versos terceiro e sexto non son pentasílabos senón heptasílabos. Deste xeito, para Carballo, trátase dun ritmo de oitava italiana, formada por dez heptasílabos coa distribución rimática a,b,b,a,c,d,e,e,d,c, próxima as coplas da tradición medieval galego-castelá. Na parte final do poema, na que se contén o desenlace dramático, típico das ficcións sentimentais -a morte de Martiño e a “morte ó mundo” da súa amada- vólvese as formas romanceadas, agrupando os oitosílabos asonantados en cuartetos, fórmula estrófica empregada xa por Rosalía nos *Cantares Gallegos* e en *Follas Novas*. No mesmo ton solemne co que comenzou, o poema de Curros remata con catro serventesios compostos por alexandrinos zorrillescos.

Creo que queda aquí demostrada a relevancia de *A Virxe do Cristal*, composición incluída nun libro, *Aires da miña terra*, ó que a crítica aínda non lle ten feito xustiza. Ultimamente Cardwell fixo ver a significación desta obra de Curros como renovación do Romanticismo e como anticipación das técnicas, das preocupacións e das actitudes das novas correntes estéticas, o Modernismo e o Postmodernismo. Nesa liña de contribucións ó desenvolvemento da historia literaria hai que situar o primeiro poema narrativo da nosa literatura.

*Xosé María Paz Gago*  
Universidade da Coruña